


FICHA DIDÁCTICA

DIARIOS ZOMBI: VACAPOCALIPSE



Texto: Guy Edmonds / Matt Zeremes

Ilustracións: Jake A Minton

Tradución: Iago Nicolás

Idioma: Galego

Encadernación: Rústica con solapas


IBIC: YFA

Medidas: 13 x 21 cm

Páxinas: 256

ISBN: 978-84-18667-84-8

PVP: 14,90 €



Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Todos os adultos da miña cidade de Vilacú convertéronse en zombis, pero non os zombis carnívoros como os que ves nas películas devorando cerebros. Estes zombis son VACAS! Literalmente! Todo o mundo anda bruando e babando por aí adiante sen control ningún! E se a súa baba chega a ti... Non queiras nin imaxinar o que é vivir coma a protagonista dun Tetra Brik de leite! Tolo, eh? Afortunadamente, os meus amigos e mais eu temos un plan para atopar unha cura! Unha frenética aventura chea de vacas, explosións, lambetadas, babas, peidos e espaguetes.

Antes da lectura...

- Jimmy é un fanático dos filmes de acción. Preguntarlles se lles gusta o cine. Cal é o seu xénero favorito e cal foi a última película que viron?
- O trío protagonista é moi diferente: Jimmy é fraco e moi imaxinativo, Daisy moi intelixente e sabe artes marciais e Hooey vai nunha cadeira de rodas, é moi forte e con moi bo corazón. Pedirlles que fagan unha **descrición do seu grupo de amigos**, dando só dúas características de cada un deles. Poñer en común se os membros de cada grupo son, maioritariamente, diferentes ou, polo contrario, moi semellantes entre si.
- Nun intre determinado da historia, como en calquera boa historia de zombis, os nosos protagonistas quedan atrapados nun centro comercial. Preguntarlles se lles gustan os centros comerciais ou se prefiren as pequenas tendas. Falar de **como mudaron os negocios e os comercios, transformándose en grandes superficies**. Cal pensan que é o seguinte paso? Remataremos comprando todo por internet e as tendas desaparecerán?

Despois da lectura...

- A vacapocalipse iniciouse por culpa dunhas albóndegas caducadas. Comentar no grupo a data de caducidade que aparecen nos alimentos. Explicar os efectos negativos que ten para calquera alimento abrir o seu envase e, sobre todo, a partir de que os tocamos coas mans.
- Para poder sobrevivir, o equipo prepara unha listaxe completa de cousas para meter no seu kit de supervivencia para resistir unha apocalipse de vacas zombis. Que meterían eles nun kit para ir a unha excursión ao monte de todo un día?
- Para preparar a súa vía de escape, botan man dun mapa de Vilacú no que localizan os lugares máis importantes da vila e trazan o camiño para chegar a Industrias Kerblack e facerse co antídoto. Saben o que é un mapa? Utilizaron algunha vez un? Un mapa de verdade ou na aplicación do móbil? Falar de dispositivos anteriores ao móbil para poder orientarnos e viaxar: compás, mapa, as estrelas...
- Sen entrar en demasiado conflito, analizar en grupo o comportamento dos abusóns da escola e falar das normas de condutas desexables en calquera entorno colectivo.

